



BIBLIOTECA FILOLÓXICA GALEGA | INSTITUTO DA LINGUA GALEGA | (Dis)cursos da escrita. Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza. Instituto da Lingua Galega, 2004: 123-140

## VARIEDADES XEOLINGÜÍSTICAS E CULTIVO DA LINGUA: CRÍTICA DUNHA HIPÓTESE SOBRE AS ORIXES DA FRAGMENTACIÓN DIATÓPICA DO GALEGO

*Francisco Dubert García*

Instituto da Lingua Galega. USC

### 0. Introducción\*

Unha das series de crenzas máis difundidas entre os lingüistas profesionais, lingüistas afeccionados e polemistas das cousas da lingua galega refírese ás influencias que a falta de cultivo literario e de uso oficial exerceron sobre o proceso de fragmentación xeolectal do galego ó longo dos *Séculos Escuros*. Aínda que é moi fácil localizar centos de treitos que mostran a vixencia e a saúde destas crenzas, unha das súas expresións máis prístinas encontreina nun traballo de Laura Tato Fontaiña<sup>1</sup>:

Esta multiplicidade de solucións [ós resultados de –ANUM / –ANAM], e por tanto de sistemas, non é gratuíta, senón que é froito das especiais circunstancias históricas en que se desenvolveu a lingua galega. O antigo galego-portugués correu unha sorte ben diferente ao Norte e ao Sur do río Miño. Mentres no Sur a independencia política do Condado de Portugal garantía unha evolución rexida por un centro irradiador de normas (Lisboa) e a fixación dun estándar a través do seu uso como lingua oficial e literaria, no Norte, baixo a órbita política de Castela, o galego-portugués evolucionaría anárquica e asilvestradamente.

Privada dun centro irradiador de normas, dunha literatura e un uso administrativo que fixase o estándar, a lingua galega evolucionou e medrou non como unha árbore á que se lle van podando e guiando as pólas que a deforman e afean, senón como as silveiras das gabias. Este asilvestramento da lingua débese, por tanto, á imposición do castelán como lingua da administración e da cultura e non a unha eiva natural da lingua ou dos seus falantes.

\* Este traballo realizouse dentro do proxecto *Estudio sociolingüístico contrastivo entre o baixo alemán e o galego*, dirixido por Carme Mellado Blanco e financiado pola Xunta de Galicia (2002/PX046).

<sup>1</sup> Antes de máis, pido perdón, xa non pola lonxitude desta cita, senón pola abundancia de citas (ás veces longas) que o lector encontrará neste traballo; visto que este estudio consiste nunha análise crítica de modos de pensar, as citas sonme inevitables.

[...] O galego careceu dun estándar porque o estándar dunha lingua, o seu rexistro culto, se vai fixando ao longo do tempo a través da escrita, que escolma, de entre todos os posibles resultados da evolución histórica, unhas determinadas solucións; e esta escolla paraliza o libre desenvolvemento das outras, impedindo que a lingua se diversifique en múltiples variedades locais (1997: 240-241).

Unha análise rápida do texto móstranos crenzas tales coma a primitiva unidade galego-portuguesa, quebrada polos aconteceres da historia; o desenvolvemento *anormal* do galego, producido en *especiais circunstancias históricas*, fronte ó desenvolvemento *normal* do portugués, no medio de *circunstancias históricas normais*; a fragmentación do galego en variedades xeolectais vencellada a esas *especiais circunstancias históricas*; a fragmentación como produto de causas esóxenas e non endóxenas; a evolución *asilvestrada* do galego; o carácter patolóxico e antiestético dos procesos de *fragmentación e asilvestramento* e dos seus resultados<sup>2</sup>.

Con todo, será o último parágrafo o que principalmente atraerá a miña atención, pois, alén dunha visión da variabilidade lingüística como algo negativo, sostense nel a idea de que fragmentación xeolectal que coñece o galego contemporáneo é froito da falta de cultivo; ofrécesenos aquí, polo tanto, unha explicación das orixes da actual diversidade xeolectal da lingua galega que contén unha suposición implícita: se o galego coñecese cultivo, non presentaría tanta variación diatópica.

Efectivamente, son feitos claros que o galego non coñeceu cultivo literario durante a Idade Moderna e que non foi empregado na Administración do Estado ata a actualidade; por esta mesma razón, todo canto se diga sobre o que lle acontecería á nosa lingua se pasase por estes procesos constitúe o que os historiadores denominan unha *ucronía*, i.e., unha reconstrución lóxica de feitos que poderían pasar (pero que non pasaron) se se deran unhas determinadas situacións (que non se deron). Polo tanto, unha *ucronía* non contén feitos históricos, nin tan sequera feitos, senón descrições fantásticas de situacións que nunca se deron.

Neste breve estudio vou defender que afirmar que a fragmentación diatópica se viu impelida pola falta de cultivo da lingua e que os fenómenos de variación e cambio lingüístico se verían detidos de contar o galego con cultivo constitúe, alén dunha ucronía, unha hipótese excesivamente forte. Para isto, en § 1 quero centrarme na definición de lingua, dialecto, área lingüística e das relacións entre lingua histórica e lingua estándar. En § 2 tentarei reflexionar sobre como son sentidos os cambios, a variación lingüística e as formas diverxentes do estándar na nosa tradición cultural (sempre que fale de *tradición cultural* referireime á alta cultura, non á cultura popular). En § 3 presentarei máis demoradamente a hipótese que quero criticar e intentarei xuntar argumentos para rebate-

<sup>2</sup> Este tópicus do *asilvestramento* aparece noutros autores: “as persoas que durante os séculos escuros, o primeiro XIX e aínda moito despois se propuxeron escribir algo en galego valíanse dunha materia prima informe, sen modelar, asilvestrada, dunha lingua conservada durante anos e anos en simple estado de fala” (Mariño 1998: 448).

la valéndome, sobre todo, da observación do que lles aconteceu ás linguas que si coñeceron o cultivo literario e político (§.2). Finalmente, en § 4 ofrecerei as miñas conclusións.

### 1. A unidade e a diversidade do galego

A pesar do recoñecemento da existencia de variación xeolectal, unha afirmación reiterada en moitos traballos sinala que a lingua galega se mostra bastante uniforme ó longo do territorio xeográfico en que se emprega. Nesta idea, por exemplo, insiste varias veces Ricardo Carballo Calero:

En realidade, lo que llama a atención en el gallego es su uniformidad más bien que su fragmentación. Lo quebrantado del terreno, la ausencia de buenas comunicaciones, el estado secular de la lengua en condiciones de abandono literario han estado lejos de producir una pulverización del idioma en dialectos. La uniformidad relativa es tan notoria que se ha negado la existencia de grupos dialectales (1979: 78).

Á mesma idea volve Francisco Fernández Rei no seu canónico manual de *Dialectoloxía galega*:

A pesar da variedade [detectada ó longo do territorio galegófono], convén salientalo feito de que a unidade do galego vivo é moi grande; non pode falarse de fragmentación dialectal ó non sentiren os falantes como profundas e definitivas as diferenzas lingüísticas, o que non quere dicir que o estudioso da lingua galega non poida delimitar áreas lingüísticas, baseándose na combinación de fenómenos nalgúns zonas concretas, fenómenos que as caracterizan e definen fronte ás veciñas (1990: 36).

Porén, podería o lector preguntarse cómo é posible afirmar que nos territorios de fala galega non haxa dialectos e si áreas lingüísticas, cando o termo dialecto vén sendo definido como unha *unha variedade dunha lingua establecida con criterios xeográficos*, i.e., *unha variedade lingüística falada nun territorio*. De feito é así como se define *dialecto* en moitos manuais de lingüística, aínda que sempre se recoñeza que establecer qué é lingua é qué é dialecto sexa unha cuestión problemática:

Diferenças de valor estritamente lingüístico entre lingua e dialecto não existem. Existem, sim, diferenças de estatuto: o dialecto é sempre uma variedade de um determinado sistema lingüístico reconhecido oficialmente como Língua. Geralmente considera-se dialecto de uma língua a variedade lingüística que caracteriza uma determinada zona (Barros Ferreira et alii 1996: 482-483).

Non é este lugar para tratar sobre as diferenzas entre *lingua* e *dialecto*: como ben sinala Carballo Calero, os termos *lingua* e *dialecto* “significan lo que previamente se haya decidido que signifiquen, y tal decisión es convencional” (1979: 70); o único que nos pide o sabio ferrolán é que, unha vez dado un criterio para distinguir *lingua* de *dialecto*, sigamos ese criterio coherentemente. Da lectura demorada do treito de Fernández Rei conclúese que para el un *dialecto* é un construto sociocultural, unha entidade *emic*, resultado

de como os falantes ven e explican a realidade<sup>3</sup>. Pola contra, o concepto *área lingüística* é para Fernández Rei unha entidade *etic*, creada polos lingüistas a partir dunha teoría lingüística: neste caso, unha *área lingüística* é unha variedade lingüística caracterizada pola posesión dunha serie de trazos lingüísticos que teñen unha distribución xeográfica<sup>4</sup>. A *área lingüística* é, á vez, unha ferramenta e un froito da análise científica da lingua. De feito, a propia noción de *lingua funcional*, definida como unha variedade lingüística resultado de cruzar unha variedade sincrónica, con outra sintópica, con outra sinfásica, con outra sinstrática, resulta dun proceso de abstracción e é outro construto teórico, froito e obxecto da investigación lingüística (véxase Dubert 2000). Por outra parte, a área lingüística non ten por qué ser unha entidade homoxénea, pois abonda con que as falas nela incluída compartan os trazos que a definen; por exemplo, unha área lingüística definida pola presenza de *seseo* pode contar no seu interior con falas nas que se emprega *muito* e falas nas que se emprega *moito*, falas con *el veu* e falas con *el vén*, falas con *queira* e falas con *quira*, falas con *estou* e falas con *estón*... Deste xeito, é posible que os límites dun dialecto non coincidan cos límites dunha área lingüística, porque estas entidades se establecen con criterios diferentes. Como acertadamente sinalan Barros Ferreira e os seus compañeiros:

Existe un continuo dialectal que faz com que a divisão entre dialectos seja muitas vezes arbitrária, dependendo dos traços linguísticos que tivermos escolhido para esa classificação. Por esta razão, foi possível terem sido propostas várias classificações dos dialectos portugueses, baseadas em diferentes traços linguísticos (Barros Ferreira et alii 1996: 483; trazo grosso no orixinal)<sup>5</sup>.

E por esta razón sería posible organizar as variedades sintópicas galegas dun modo distinto a como o fixo Fernández Rei, de modo que a división do galego en áreas e bloques lingüísticos tivese unha fasquía diferente; todo depende da xerarquía que se estableza entre os trazos dialectais e de qué trazos se teñan en conta. Tamén por estas razóns, Fernández Rei non se contradí cando afirma que o galego pode dividirse en áreas ou bloques lingüísticos, pero non en dialectos.

<sup>3</sup> Máis aínda: “Constátase que non se ten idea clara de en qué consiste esa fragmentación [diatópica], polo que é raro que un falante se adscriba a un «dialecto» particular, aínda que aprecie diferencias entre a súa fala e a de lugares próximos. [...] Despois de percorrer todo o territorio lingüístico galego como investigador do *ALGa* e despois de ter feito investigacións posteriores en diferentes comarcas de fala galega, puiden constata-la inexistencia de adscripción a un dialecto, pero si unha clara conciencia de falar un idioma diferente do castelán e, nas zonas meridionais, un idioma distinto do portugués” (Fernández Rei 1990: 35).

<sup>4</sup> “A proba da adecuación das descrições e análises *emic* é a súa correspondencia cunha visión do mundo que os participantes nativos aceptan como real, significativa e apropiada. Ó levar a cabo a investigación no modo *emic*, os antropólogos tratan de adquirir un coñecemento das categorías e regras necesarias para pensar e actuar coma un nativo. [...] Pola contra, a proba da adecuación das descrições *etic* é, sinxelamente, a súa capacidade para xerar teorías frutíferas desde un punto de vista científico sobre as causas das diferenzas e semellanzas socioculturais. En vez de empregar conceptos que sexan necesariamente reais, significativos e apropiados desde o punto de vista do nativo, o antropólogo emprega categorías e regras derivadas do vocabulario da ciencia –categorías e regras que, con frecuencia, non son familiares ó nativo” (Harris 1988: 175).

<sup>5</sup> Nótese que Barros Ferreira *et alii* (1996) empregan a etiqueta *dialecto* para referirse á *área lingüística*.

Máis aínda, teño para min que o *dialecto* de Fernández Rei non podería ser obxecto de estudio da dialectoloxía, porque non é unha noción que esta xere nin que esta precise<sup>6</sup>; será máis ben obxecto da historia externa da lingua, ou da sociolingüística histórica..., ou da socioloxía. Por outra banda, nada nos impide, como se fai adoito (e.g. os mesmos Barros Ferreira et alii 1996), empregar o termo *dialecto* para referirse á noción evocada por *área lingüística*; pero de actuarmos deste xeito, perderemos un significante para expresar a noción de *dialecto* como *construto sociocultural emic*, como realidade percibida polos falantes.

En todo caso, toda esta disquisición ten sentido só para recordarnos algo evidente: o galego non é de ningún xeito unha entidade homoxénea, monolítica. Máis ben ó contrario, o galego contén moita diversidade interna, como ben testemuñan o traballo de Fernández Rei (1990) para a variación xeográfica ou os traballos de Regueira (1999) e de Dubert (2002) para a variación social; incluso existe moita variedade social e xeográfica en dominios tan pequenos coma o concello de Santiago de Compostela, como xa mostrei noutra ocasión (Dubert 1999). En todo caso, cómpre subliñar que, cando neste traballo eu fale de *galego*<sup>7</sup>, estareime a referir a outro concepto *emic*, i.e., un construto sociocultural compartido pola comunidade. Dito en termos coserianos, o *galego* é unha *lingua histórica* que clasifica e agrupa un conxunto de textos, de resultados de actos de fala. Isto non impide que o galego *lingua histórica* inclúa tamén un ou varios diasistemas... ou que o conxunto das falas clasificadas como lingua galega poidan ser adscritas a un diasistema máis amplo (o *diasistema iberorrománico occidental*; véxase Dubert 2000 e Monteagudo 1997). Á fin é ó cabo, cabe outra vez recordar que unha lingua histórica, coma o dialecto de Fernández Rei, é delimitada por unha serie de medios, fundamentalmente socioculturais; e que as variedades lingüísticas e os diasistemas son delimitados por outra serie de medios, propios nese caso dunha necesidade metodolóxica da lingüística. E que unha destas entidades *emic* sexa considerada moitas veces *lingua* ou *dialecto* ou *dialecto dunha lingua* (¡todas estas cousas lle pasan e lle pasaron ó galego!) acostuma ser unha cuestión sociocultural e política, non unha cuestión lingüística<sup>8</sup>. Resulta moi ilustrativa toda a disquisición que Carballo (1979) mantén na súa *Gramática* sobre este tema para ver como son factores culturais, políticos e mesmo emocionais os que contan nestas divisións.

<sup>6</sup> Se facemos caso de Coseriu (1981), nin sequera o estudio interno dun xeolecto sería obxecto da dialectoloxía, pois esta estudia a distribución de fenómenos lingüísticos individuais ó longo dun territorio: “a) la dialectología es estudio de la «configuración» espacial de las lenguas, o sea la variedad diatópica y de las relaciones interdialectales, y b) [...] es esencialmente «gramática comparada»” (*ibidem*, p. 25). As gramáticas dos xeolectos fornecen materiais para a dialectoloxía, pero non son dialectoloxía (*ibidem*, pp. 18-19); por isto, o único método estritamente dialectolóxico é a xeografía lingüística.

<sup>7</sup> O mesmo vale para *portugués* ou para *español*, nomes de linguas históricas que recollen, agrupan e nomean diferentes conxuntos de variedades lingüísticas.

<sup>8</sup> Incluso as variedades máis castelanzadas de galego, como o *galego urbano culto* que describe Vidal Figueiroa (1997) ou o *novo galego urbano* de Regueira Fernández (1999) son conceptualizadas como *galego*, bo ou malo, pero *galego*.

Tamén é este lugar para insistir en que, dentro deste conxunto de variedades lingüísticas que se agrupan baixo a etiqueta *lingua histórica*, figura un conxunto máis ou menos homoxéneo de variedades lingüísticas que poderían ser agrupadas co termo *lingua estándar* (véxase unha visión máis depurada en Dubert 2002). Na nosa tradición cultural é común a identificación de *lingua estándar* ou *lingua normativizada* con *lingua histórica*<sup>9</sup> e, quizais máis habitualmente, a identificación de *lingua escrita* con *lingua histórica*<sup>10</sup>; con todo, calquera das gramáticas (normativas ou normativizadas) da lingua galega que hoxe se poden comprar nas nosas librarías non é outra cousa ca unha descrición dunha das variedades lingüísticas que se encontran dentro do seo da lingua histórica galega. Que o contido desas gramáticas ou que os textos que máis se adaptan ás prescricións normativas se vexan, se perciban, se sintan como os verdadeiros e únicos representantes da lingua histórica non é máis có resultado dunha especie de metonimia que os lingüistas debemos explicar, pero non necesariamente xustificar, nin moito menos asumir. E é, ó meu xuízo, o resultado desta metonimia o que explica parcialmente as crenzas mostradas arriba, como a seguir quero mostrar.

## 2. Os cambios lingüísticos na nosa tradición cultural

Acabo de sinalar que non está mal recordar que a lingua galega presenta *moita* variación interna sincrónica e que cómpre insistir en que pasou por procesos de cambio lingüístico ó longo da súa historia (de feito, segue a pasar por procesos de cambio lingüístico). Como afirma Carballo Calero: “Las lenguas son realidades vivas que se mantienen en estado de perpetua fluencia” (1979: 45). Se houbese que sinalar un universal lingüístico que non teña excepcións, ese sería, sen dúbida, que as linguas varían e cambian: a “evolución é fatal: non hai un só exemplo de lingua que a resista”, dinos Saussure (1916: 148). E, variando e cambiando as variedades lingüísticas, cambian e varían de fasquía as linguas históricas que as agrupan, sen necesariamente deixaren de ser elas mesmas, pois unha lingua histórica existirá mentres os seus falantes consideren que existe. Neste sentido, é imprescindible ir xa lembrando que non só mudan as variedades non-estándar, senón tamén as estándar, só que parece que as mudanzas nunhas e noutras se producen a velocidades diferentes, sendo aparentemente máis lentos os cambios na variedade estándar. Deste xeito, por moi estraña que se queira considerar a historia do galego, este non pode ser tan anormal, nin tan especial, nin tan exclusivo que quede fóra deste principio universal:

<sup>9</sup> “A lingua é un sistema de signos dotado dunha regulamentación fixada polo uso e *polas autoridades académicas*” (Hermida Gulías 1999: 505; as cursivas son miñas).

<sup>10</sup> “A lingua, encanto instrumento, desglossa-se em diferentes *linguas funcionais* (Coseriu), que se reconhecem e/ou definen como realizacións de um diassistema ou *lingua histórica*, feita explícita em manuais e normas que dirigen a escrita correcta” (AGAL 1989: 17).

O home que pretendara construír unha lingua inmutable que a posteridade debiera aceptar tal e como a recibira pareceríase á galiña que choca un ovo de pato: a lingua construída por el sería arrastrada, quixera ou non, pola corrente que abarca tódalas linguas (Saussure 1916: 148).

De feito, ninguén nega que o galego mudase ó longo da súa historia. Porén, a gran cuestión que de vello máis preocupa é a orixe dos cambios que se produciron, xa que existe unha forte tendencia a pensar que os resultados duns cambios son *acceptables*, pois responden a cambios *lexítimos*, mentres que outros resultados son *espurios*, pois os cambios que introducen as novas formas son *deturpadores*. Como é lóxico supor, os castelanismos conforman a maior parte das formas clasificadas como espurias, xa que son vistos como resultados de cambios deturpadores. Máis aínda, a fisionomía actual do galego, con tantos castelanismos no seu seo, é percibida como unha proba máis da súa *evolución anormal*.

Para fundamentar esta clasificación entre *acceptable* e *espurio* e entre *lexítimo* e *deturpador*, acódesse á seguinte batería de feitos e de crenzas:

- a) a crenza na unidade do galego-portugués durante a Idade Media<sup>11</sup>;
- b) a crenza de que esta *lingua* medieval era uniforme (carente de variacións xeográficas, estilísticas ou sociais), normal (no sentido que hoxe se lle dá a este adxectivo na sociolingüística galega), pura (non deturpada) e autónoma (libre da presión doutras *linguas*);
- c) o feito de que o que hoxe denominamos *portugués* non compartía algunhas das mudanzas polas que pasou o que hoxe denominamos *galego*; e o feito de que algunhas das mudanzas aparecidas no *galego* sexan, no entanto, partilladas co *castelán*; e
- d) a crenza de que tódalas mudanzas romperon dalgún xeito aquela suposta unidade primitiva (o galego-portugués), pero que só algunhas corromperon a pureza primixenia da póla galega, violentaron a súa personalidade e afastaron perigosamente o galego da póla portuguesa (que, segundo a crenza, evolucionou normalmente, conservando mellor o xenio ou personalidade da lingua).

Deste modo, Freixeiro Mato propón, entre outras, dúas probas (en principio, coherentes e adecuadas) para explicar a súa consideración da gheada como fenómeno *espurio*. A primeira razón esgrimida é un principio:

Todo cambio lingüístico producido nun contexto diglósico na lingua dominada en dirección á lingua dominante, para acabar coincidindo total ou parcialmente con ela, en principio, e mentres non se demostre o contrario, é sospeitoso de se producir por interferencia da mesma (1998: 154).

<sup>11</sup> Como cousa curiosa, pódese recordar que entre o XIII e mediados do XIV, época da lírica medieval, non se falaba de galego-portugués, senón de *romanço* ou *linguagem*; máis aínda, a primeira denominación de *galego* emprégaa un catalán, Jofre de Foixà, no século XIII: “este testemuña que a denominación que recibía a lingua dos cancioneros, cando menos nos ambientes eruditos e trobadorescos en que se movía Jofre, era a de *galego*” (Monteagudo 1998: 120; véxase tamén Mariño 1998: 140-152).

A segunda razón xorde como consecuencia da constatación de feitos que reclaman explicacións:

A razón principal a favor da tese castelanista é a ausencia total de gheada en portugués, comportándose a fronteira política como fronteira do fenómeno lingüístico da gheada. [...] O problema estaría, pois, non só en explicar a orixe da gheada galega, senón tamén en explicar por qué non se dá en portugués (1998: 154-155)<sup>12</sup>.

En todo caso, non son os cambios castelanizantes os que me preocupan agora, senón os cambios que xebran o galego do castelán e do portugués, porque, a pesar das *especiais circunstancias históricas* en que se desenvolveu o galego, este tamén presenta este tipo de mudanzas. Os resultados destes cambios, xeralmente cualificados de *acceptables* por seren vistos como o froito de cambios *lexítimos*, dan lugar ás variedades xeolingüísticas cando non son compartidos por tódolos falantes do territorio; e estes cambios tamén acostuman ser obxecto dos tópicos que me interesa comentar.

Con todo, non quero pechar esta aliña (pois esta será a chave que me permita continuar despois a miña reflexión) sen subliñar que resulta común que moitos dos cambios *acceptables de iure* non son aceptados *de facto* e, polo tanto, son tamén percibidos negativamente. As afirmacións de Laura Tato Fontaiña sobre o tronco *sen podar* e a fealdade *da silveira das gabias* van por este camiño. Outro exemplo claro destas ideas encontrámolo no traballo de Xosé Graña Núñez (1993), quen comeza un capítulo nomeado “Análise dos mecanismos de deterioro lingüístico” dicindo que o galego é a lingua románica peninsular que “ofrece un maior grao de deterioro no seu sistema a tódolos niveis” e insiste en que a lingua que hoxe empregan os galegos “está inzada de distorsións da máis diversa índole” (*ibidem*, p. 19). Entre as chamadas *distorsións* aparecen non só castelanismos, senón tamén formas coma *romedio*, *vivire*, *algús ~ alguis...*, resultados que, en principio, deberían ser *acceptables*, pois responden a cambios en principio *lexítimos*.

A razón principal da deslexitimación das formas *acceptables–pero–non–aceptadas* (aínda que non a única) ten a súa raíz no resultado da metonimia a que xa me referín arriba: a lingua estándar acaba por ser a soa representante válida e verdadeira da lingua histórica, i.e., a lingua estándar é elevada a forma canónica da lingua histórica e a lingua histórica identifícase coa/pola lingua estándar; como consecuencia, todo o que se afasta da lingua estándar se afasta da lingua histórica e convértese en deturpación. Carballo Calero describe acertadamente cómo se produce o proceso devaluador nos seguintes termos:

<sup>12</sup> No entanto, en atención a estes mesmos parámetros, Freixeiro Mato debora considerar interferencia a presenza de /θ/ nas falas galegas, pois supón “unha innovación no sistema fonolóxico do galego que nos afasta máis foneticamente do portugués e nos aproxima do castelán” (1998: 162); e con esta constatación, considerar a presenza de /θ/ como un resultado espurio dun cambio deturpador. E por mor disto, sorprende que Freixeiro Mato se esforce por demostrar a aceptabilidade do *seseo* e non dedique unha soa liña a xustificar a aceptabilidade do fonema /θ/, a pesar de que é nel onde recae o peso da proba. Por outra parte, existen problemas teóricos que Freixeiro Mato esquece (véxase, para empezar, Thomason 2000).



Cabe una gramática normativa que pretenda –hasta donde lo permita la flexibilidad del idioma– fijar el esquema de un ideal lingüístico que relegue a la condición de hablas vulgares o dialectales las formas que se aparten de aquel ideal.

Esta última empresa, al entrañar una selección de las realidades múltiples que constituyen una lengua, supone una simplificación de la misma. [...] Supone el propósito de fijar y limpiar el idioma, eligiendo –conforme a un criterio determinado, según un criterio ecléctico– fonemas, morfemas o sintagmas a los que se pretende canonizar, por considerarlos los más eficaces o autorizados, y rechazando como incorrectos, innobles ou inadecuados, los hábitos lingüísticos que no se ajusten al canon establecido (1979: 46).

Polo tanto, as formas estigmatizadas non son vulgares nin dialectais nin incorrectas nin malas *per se*, senón que pasan a ser vulgares, dialectais, incorrectas ou malas *a posteriori*, porque así pasan a ser consideradas: porque se crean, se difunden e se xustifican esas ideas sobre as formas diverxentes; esta estigmatización é, ó meu modo de ver, un efecto non desexado (hoxe diríase un *dano colateral*) da planificación lingüística (véxase Valle 2000 para a carga de valores simbólicos da lingua estándar).

En fin, na nosa tradición cultural, a referida metonimia pola que ese *ideal lingüístico* se transforma en representante da lingua histórica tórnase nunha das razóns máis fortes para que as formas diverxentes do ideal queden no rango de *acceptables*, sen pasaren ó rango de *aceptadas*; este feito de quedaren en *acceptables*, pero non chegaren a *aceptadas*, produce que as formas diverxentes do estándar non se acaben percibindo como formas non-estándar (que é o que obxectivamente son), senón como *deturpacións, deterioros, distorsións...*

### 3. Fragmentación diatópica e ausencia de cultivo da lingua na Idade Moderna

Mantendo estas reflexións *in mente*, é xa o momento de entrar na cuestión que quero tratar. Tense afirmado reiteradamente que:

- a) o cultivo literario e o uso oficial do galego defenderíano ó longo da Idade Moderna da castellanización<sup>13</sup>;
- b) o cultivo literario e o uso oficial do galego defenderíano da fragmentación diatópica.

Polas razóns que sinalei ó principio deste traballo e que agora torno a presentar, estas dúas afirmacións só poden ser consideradas hipóteses indemostrables, pois non dan conta de feitos *reais*, senón de feitos *ideais*, porque o galego non tivo cultivo durante a Idade Moderna. Por esta razón, quedaremos para sempre sen saber qué pasaría se o galego tivese cultivo. Nótese, só para ir comezando, que nada sabemos acerca de cómo sería esa lingua literaria ou esa variedade estándar. Así pois, resulta inadecuado (e con certeza acien-

<sup>13</sup> Para Carballo Calero, por exemplo, “el castellano, sobre todo a partir del Renacimiento, influyó poderosamente la lengua de Galicia, que, muy poco cultivada literariamente, no podía ofrecer entonces una resistencia eficaz” (1979: 59).

tífico) presentar como feito *real* calquera elucubración que verse sobre qué pasaría se o galego tivese cultivo. Estritamente falando, estas hipóteses só poden pretender dar fundamento a *ucronías*, pero non poden aspirar a formar parte dunha *historia da lingua galega*. En todo caso, destas dúas ideas acostúmase a derivar outra:

- c) o cultivo literario e o uso oficial castelán en Galicia promoveron a fragmentación diatópica do galego.

Con todo, e no que se refire a (a), que non é obxecto deste meu traballo, resúltame difícil aceptar a idea de que a presenza do castelán en Galicia ó longo dos últimos seiscientos anos non acabara afectando dalgún xeito a un galego cultivado. O Portugal independente do século XVI coñeceu unha gran floración de literatura en castelán: alí escribiron en español Gil Vicente, Camões, Bernardim Ribeiro, Sá de Miranda...; de modo que o cultivo literario e oficial do portugués non impediu a penetración do castelán en Portugal xa antes de 1581, data da agregación de Portugal á monarquía hispánica de Felipe II (Vázquez Cuesta 1986: 42-62). De feito, o portugués, *póla de desenvolvemento normal do antigo tronco galego-portugués*, adquiriu castelanismos durante toda a época de bilingüismo castelán-portugués, que durou máis alá do que o período de agregación (*ibidem*, pp. 140-152). Pero ademais, as formas provenientes do centro da península (formas que hoxe consideraríamos castelanismos desde un punto de vista histórico), penetraron o portugués todo ó longo da súa historia, a pesar do seu cultivo literario e oficial: *ordenhar* por *mungir*, *machorra* por *maninha*, *borrego* por *anho*, *chibo* por *cabrito*... (véxase Cintra 1962). En canto a (c), que tampouco me interesa analizar agora, é posible afirmar que o uso do castelán como lingua oficial e o escaso cultivo literario que tivo en Galicia non promoveron a fragmentación diatópica do galego: máis ben, quizais, haxa que contemplar o castelán como un factor unificador. A razón vénnos dada ó comprobar que coa suplantación de formas galegas pola castelanizada, elimínase a diversidade: pensemos no caso de *abuelo*, que eliminou variantes coma *avó*, *avolo*, *voló*, *papá*, *mi pa*...; ou *muela* ‘peza bucal’, que eliminou variantes coma *moa*, *mó*, *mola* ou *queixal*.

A hipótese (b), verdadeiro obxectivo deste traballo, pretende responder a preguntas tales coma: ¿cal é o papel da falta de cultivo do galego ó longo da Idade Moderna no proceso de fragmentación diatópica?, ¿de que maneira influíu neste proceso a inexistencia dun núcleo urbano hexemónico (o que vén sendo denominado un *centro irradiador*)?

### 3.1. Estándar e fragmentación diatópica: un breve repaso bibliográfico

As respostas máis comúns ás preguntas que acabo de formular poden ser representadas polo seguinte treito tomado dun traballo de Ernesto González Seoane:

A falta dunha norma que fixese de aglutinante das distintas variedades diatópicas conduciu a que o galego, abandonado ás súas propias forzas, entrase nunha fase de disgregación dialectal (1994: 76)<sup>14</sup>.

<sup>14</sup> Mariño (1998: 454) exprésase en termos moi similares: o galego dos Séculos Escuros estaba “exposto, se

Nótese que González Seoane parte do recoñecemento da existencia dunha diversidade previa e da falta dun factor unificador que acentúa a diversidade. Pola contra, unha formulación que mestura directamente a carencia de cultivo co proceso de fragmentación, que parte dun inexistente estadio de unidade previo e que contempla a fragmentación como caos é a que nos presenta Graña Núñez:

Cando o galego perde a finais da Idade Media a súa condición de lingua literaria, perde tamén o mellor dos resortes para apuntala-la súa uniformidade. Unha lingua que durante máis de trescentos anos ten por único fío conductor a modalidade oral, baixo un rexistro coloquial-popular, ofrece un “caldo de cultivo” excepcional para as deformacións máis diversas (1993: 23).

Esta cita representa esa idea tan cara á nosa tradición cultural de que sen cultivo escrito só nos queda a fragmentación diatópica<sup>15</sup>. Esta idea é recorrente en Carballo Calero, que a repite todo ó longo das páxinas introdutorias da súa *Gramática* (1979): “Mientras no se fijan literariamente, las lenguas viven siempre en estado de fragmentación dialectal” (p. 55); “El gallego representaría la mayor proximidad a la lengua general que los mozárabes conservaron, aunque, como no escrita, matizada de variantes locales” (p. 56). Profundizando nesta visión, Graña Núñez chega a asegurar que:

As linguas en tanto que organismos vivos están inmersas nun continuo proceso evolutivo e de transformación. Este proceso, polo que ás linguas románicas se refire, tivo o seu auxe nas etapas aliterarias. Cando unha lingua acada o rango de literaria, no sentido amplo da palabra, o proceso evolutivo experimenta unha desaceleración que para a maior parte das linguas sería irreversible. A escritura é, xa que logo, o factor que mellor contribúe á fixación e á uniformidade dunha lingua, actuando coma muro de contención ante esas leis fonéticas que operando durante séculos mudaron a fisonomía das linguas (1993: 23).

### 3.2. *Estándar, variedades xeolingüísticas e cambio lingüístico nalgunhas linguas europeas*

Acabo de dicir que esta hipótese (b) segundo a que se houbese estándar e cultivo non habería fragmentación é indemostrable. Con todo, si pode comprobarse se esta idea ten validez para a xeneralidade das linguas con cultivo, como asegura Graña Núñez (aínda que,

algunha forza centrípeta non viña a remedialo, a unha deriva disgregadora das súas variantes diatópicas”. Fernández Salgado e Monteagudo tamén vencellan dalgún xeito a fragmentación diatópica coa falta dun centro cultural irradiador: “O cultivo literario do galego moderno comezou no século XIX. O galego carecía practicamente de tradición escrita dende o século XV, e o galego medieval (literario e non literario) era practicamente descoñecido. Carente dun centro lingüístico unificador e de rexistros formais, o galego presentaba un estado de relativa fragmentación dialectal” (1995: 107)

<sup>15</sup> Nótese tamén a confusión, que aquí vou ignorar, entre variación diastrática (culto vs. popular), variación diafásica (coloquial vs. formal) e variación diamésica (oral vs. escrito) cando se vincula oral con coloquial e con popular, coma se os falantes de galego popular non tivesen máis ca un rexistro coloquial ou coma se non fose posible escribir un texto nun rexistro distinto do formal.

non sei por qué, el quere restrinxir a súa afirmación ás linguas románicas) e se, polo tanto, pode atribuírse indirectamente á historia do galego.

Sigamos outra vez a Ferdinand de Saussure (experto indoeuropeísta, no seu tempo máis recoñecido como gramático histórico ca como lingüista sincrónico), quen afirma:

Crese comunmente que un idioma se altera máis rapidamente cando non existe a escrita: nada máis falso. A escrita pode moi ben, en certas condicións, retardar os cambios da lingua, pero á inversa, a súa conservación de ningún modo está comprometida pola falta de escrita. O lituano, que se fala aínda na Prusia oriental e nunha parte de Rusia, non se coñece por documentos escritos máis ca desde 1540; pero nesa época tardía ofrece no seu conxunto unha imaxe do indoeuropeo tan fiel coma o latín do século III antes de Cristo. Basta este exemplo para mostrar ata qué punto é a lingua independente da escrita (1916: 92).

Como vemos, Saussure non nega que a posesión de lingua escrita poida facer diminuír a fragmentación diatópica, porén, non considera a ausencia deste atributo un factor que impela a descomposición das linguas ou unha evolución e cambios máis acelerados. Por outra parte, non deixa de ser revelador que Martinet nos mande consultar os textos literarios franceses para termos probas palpables de cómo cambian as linguas (ou mellor, as variedades literarias/estándar das linguas históricas):

Abóndalle a un francés con percorrer a Chanson de Roland ou, sen ir máis atrás, con ler a Rabelais ou a Montagne no texto orixinal para se convencer de que as linguas cambian co paso do tempo (1991: 172).

Ou sexa, o dito por Martinet indúcenos a pensar que a pose de escrita non ten por qué evitar a variación e o cambio e que a variedade literaria da lingua tamén cambia; e o dito por Saussure móvenos a concluír que a ausencia de escrita non ten por qué promover unha evolución e un cambio aloucados.

De feito, linguas históricas que posúen un estándar cultivado de vello son a portuguesa, a castelá ou a francesa. No mundo románico e no mundo xermánico, o estándar é unha variedade construída que se sobrepón sobre un continuo xeolectal preexistente, de modo que funciona de teito das falas que acaba dialectalizando: como di acertadamente Muljačić (1991: 248), cada estándar conquista e, como consecuencia, crea o seu propio espazo xeolectal. Isto implica algo que deba ser obvio: a forma non-estándar *somana* non é unha deturpación da forma correcta ou estándar *semana*; é un paso máis na evolución de SEPTIMANA; simplemente, *somana* non foi escollida forma estándar<sup>16</sup>. En definitiva, a variación diatópica é anterior á emerxencia do estándar, e non consecuencia da detur-

<sup>16</sup> Non deixa de sorprendere que *somana* sexa a única forma que se rexistra na tradución galega da *Crónica Xeral e de Castela* e que se apareza tamén na *Crónica Troiana*, na *Crónica de Iria* e noutros moitos lugares (véxase Lorenzo 1977 s.v. *somana*).

pación do estándar, como acaban por pensar os que aceptaron o resultado da metonimia devandita.

Con todo, e a pesar de contaren cun proceso de estandarización antigo, e de contaren cun antigo cultivo literario e oficial, o portugués, que conta con cultivo escrito desde o século XIII, mantén variación xeolectal en Portugal e no Brasil; o castelán, que conta con cultivo escrito desde o século XII, conta con xeolectos; o inglés, que comezou a desenvolver un estándar no século XIV, presenta diferentes áreas lingüísticas tanto na illa da Gran Bretaña coma en América; o alemán, que xerou un estándar co alemán da Biblia de Lutero, aínda que xa antes coñecía o cultivo literario, ten diferentes *dialectos emic*, todo ó longo de Alemaña, Austria e Suíza (véxase un exemplo da interacción actual entre un dialecto alemán e o alemán estándar en Stern 1988); o francés, que ten o cultivo máis antigo da Romanía e que se sobrepuxo ós patois de toda Francia, conta con *dialectos emic*... Isto debora mostrar que posuír un estándar non implica a ausencia de variación xeolectal, pois durante toda a Idade Media, durante toda a Idade Moderna, durante a maior parte da Idade Contemporánea, a lingua estándar foi unha variedade escrita patrimonio dunha tan exclusiva e pequena minoría de xentes alfabetizadas que a súa influencia nos falantes analfabetos tivo por forza que ser mínima (véxase Marle 1997 ou Recalde 2000). Tódolos traballos que dan conta da desaparición de xeolectos de grandes linguas acostuman a presentar o avance dos estándares como algo practicamente contemporáneo. Pola súa parte, os grandes difusores actuais do estándar, os medios de comunicación de masas (radio, televisión, xornais) e a escola, teñen unha historia demasiado recente. E, ademais, hoxe a lingua dos medios de comunicación é vista polos puristas como un axente máis de deturpación...

Por outra parte, a imposición e difusión do estándar non xera necesariamente uniformidade nin bloquea os cambios díscolos. Como exemplos prototípicos de linguas normais e uniformes adoita presentarse o castelán, o francés, o inglés, o alemán... En canto ó francés, chega con recordar o que nos comenta Carlo Tagliavini (1969: 569-576): a variedade estándar vaise impondo a custa de fragmentarse outra vez nunha “variedade que os lingüistas franceses chaman francés rexional” (Tagliavini 1969: 570); na constitución histórica do estándar francés pesan eminentemente os elementos de París, pero tamén existen algúns elementos de procedencia rural, e.g., o paso de *en* a *ã*, o paso de [ʎ] a [j] (o que matiza calquera reflexión sobre os *núcleos irradiadores*). E o cultivo da lingua escrita tampouco impide a variación nin cambio: é famoso o exemplo francés de *ei* > *oi* > *ua*. De feito, o francés literario coñece varias épocas: o francés arcaico, o francés medio, o francés premoderno e o francés moderno (Lausberg 1962: 28).

Pola súa parte, o inglés, que comezou a estandarizarse a principios do XV, coñeceu unha gran mutación vocálica (o *Great Vowel Shift*), que modificou en cadea tódalas súas vocais longas, de tal xeito que /a:/ pasou a /ɛ:/, polo que o vello /ɛ:/ pasou a /e:/, o que á súa vez produciu que o anterior /e:/ pasase a /i:/, de xeito que o /i:/ previo acabou por transformarse en /ai/; e /ɔ:/ pasou a /o:/, de xeito que o vello /o:/ mudou para /u:/ e o vello

/u:/ resultou en /au/. Este cambio produciuse ó longo dos séculos XVI e XVII, ou sexa, na época de Shakespeare. Por exemplo, *meet* pronunciábase con [e:] e entre os séculos XIV-XVI, pero con [i:] no XVII e na actualidade; *mate* con [a:] nos séculos XIV-XV, con [e:] no XVI, con [e:] no XVII e con [ei] na actualidade; *meat* era [a:, e:] nos séculos XIV-XV, [e:] no XVI e [i:] no XVII e na actualidade. Nin a lingua escrita nin a ortografía impediron estes cambios e outros que, como mostra calquera manual de sociolingüística, seguen a producirse hoxe.

E, aínda máis cerca, o castelán, que comezou a estandarizarse na época de Alfonso X, pasou por toda unha serie de ben coñecidos cambios nas sibilantes medievais, de modo que /ʒ/ e /ʃ/ confluiron en /ʃ/, /ts/ e /dz/ confluiron en /s/, e /s/ e /z/ fundíronse en /s/... A finais do século XVI xa non había sibilantes sonoras. Por esa época era común a eliminación do elemento oclusivo da africada /ts/ e a súa pronuncia como fricativa laminoalveolar; a consolidación de /θ/ como resultado desta laminal parece datarse no XVIII. E o paso de /ʃ/ a /x/ parece estar consolidado na Corte no XVII (Lloyd 1987). Todos estes cambios proviñan das clases populares e, como vemos, consolidáronse durante épocas de esplendor literario. E debe sinalarse, ademais, que estes cambios non foron universais, pois xeraron variedades xeolectais: nunhas falas /s/ pasou a /θ/, pero e noutras fundiuse con /s/ (de modo que se xeraron dúas áreas, as que teñen /θ/ e as que non). Noutras falas, de por parte, /x/ procedente de /ʃ/ tamén se mudou en /h/ e confluíu co /h/ que proviña de /f/. Un andaluz hoxe pode dicir [harto] ‘harto’ e [hente] ‘gente’... E todo a pesar da ortografía... Pero, ademais, a variación e o cambio seguen operando hoxe, e non sempre na dirección que manda o estándar nin a lingua literaria. Por exemplo, é común en tódalas clases sociais do español de Puerto Rico a lateralización de /r/ na coda, de modo que *estar* se pronuncia *estal*<sup>17</sup>; e o *dequeísmo* (*pienso de que es hora de marchar*) esténdese hoxe en España máis e máis e en tódolos grupos sociais a pesar das críticas dos lingüistas prescritivos e dos chistes ridiculizadores dos humoristas.

Polo tanto, é claro que non se pode magnificar a influencia do estándar, nin tan sequera hoxe. Máis aínda, como di Coseriu (1978), os falantes non son autómatas que toman acriticamente formas do estándar ou da lingua culta e, como sinala Ricardo Carballo Calero, a evolución das linguas sempre se pode ver modificada por “factores espirituales, siempre en disposición de actuar, que impiden predecir un desarrollo” determinista (1979: 71). Estes factores espirituais son coñecidos de vello; na súa formulación actual, os modernos sociolingüistas móstrannos que a lingua serve para marcar relacións de distancia ou de solidariedade, ou mellor, que a ansia por manter distancia ou solidariedade ten expresión lingüística, de modo que os falantes non sempre van preferir as formas es-

<sup>17</sup> “La lateralización de /r/ no es de ningún modo exclusiva del español de Puerto Rico. Se da en el Caribe en general y en otras regiones. Pero lo distintivo del fenómeno en Puerto Rico es que no es un marcador definitivo de *clase social*, ya que a pesar de estar estigmatizado aparece prácticamente en todos los sociolectos, al contrario de lo que sucede en Cuba y Venezuela, donde sí marca a hablantes de menos instrucción por ser el fenómeno infrecuente en las capas superiores de la sociedad” (Guitart 2000: 172).

tándares ou as formas dos grupos sociais dominantes, nin estas son adecuadas para tódolos actos de fala. William Labov (1972) distinguía entre os cambios chegados desde arriba (desde grupos sociais dominantes) e os cambios promovidos desde abaixo (desde grupos sociais máis baixos). Estes cambios prodúcense hoxe, na época da escola, do estándar, na época da uniformidade, e, proveñan das clases dominantes ou das populares, non sempre difunden as formas cultas, literarias, canónicas ou canonizadas:

A separación xeográfica natural e inevitablemente conduce á separación lingüística. Pero os estudos do cambio lingüístico en progreso [...] demostraron que a separación xeográfica non é unha condición necesaria para a diverxencia da lingua. Xente que vive na mesma cidade, que vai ás mesmas escolas e que está exposta ós mesmos medios de comunicación de masas pode ser diversamente afectada polo cambio lingüístico, de modo que co paso do tempo as súas formas lingüísticas vólvense pouco a pouco diferentes (Labov 1994: 10-11).

E isto é así porque os resultados da variación lingüística tórnanse un recurso empregado polos falantes para crear formas de identidade social:

Los usos lingüísticos son siempre fuente de identidades sociales. Obsérvese que hablo en general de usos lingüísticos, y no de lenguas. Las diversas variedades de una lengua son fuente de identidades sociales, salvo, naturalmente, en la situación anómala —y tal vez imposible— en la que los usuarios de una variedad no estuviesen en contacto con otras (Fernández 2000: 51)<sup>18</sup>.

Polo tanto, a variación lingüística xeralmente vai ligada á diversidade social; non comprender a variación lingüística e o seu papel na sociedade é non comprender a diversidade social e os modos polos que esta se expresa.

Pero é que, ademais, no desenvolvemento das variedades xeolingüísticas galegas non todo foi disgregación: Ramón Mariño (1992) sinala como o expoñente *-des* (*comedes*) da P5 Plural foi varrendo as outras formas dialectais *-s* (*comés*) e *-is* (*comeis*); eu (Dubert 1995) teño proposto que *ti tes* e *eles teñen*, expresión da P2 Sing e da P3 Plural do IPres de *ter*, respectivamente, foron acantoando formas coma *ti teis* ~ *ti tens* e *eles ten* ~ *eles tein*; o mesmo cabe dicir da distribución de *cando* ~ *catro*, que deixaron nas esquinas paulatinamente a *cuando* ~ *cuatro*; de *ti*, pronome suxeito da P2 Sing, que avanza sobre *tu*; hoxe en día están en regresión no galego occidental formas coma *mou*, *tou* e *sou*, que van sendo substituídas polas formas *meu*, *teu*, *seu* (e, desde logo, a substitución comezou a operar antes aparición do estándar). Calquera estudioso podería sinalar máis formas que foron gañando terreo ó longo da historia do galego e que foron eliminando

<sup>18</sup> Estou completamente de acordo con Mauro Fernández, salvo en que, onde el fala de variedades lingüísticas, eu falaría de ítems ou formas, porque para min as variedades son, como xa dixen, construtos abstraídos polo lingüista sobre a base empírica dos feitos de fala, e os feitos de fala poden ser agrupados de modos moi diversos, exactamente como acontecía coas áreas xeolingüísticas.

diversidade xeolectal, ó tempo que poderá localizar exemplos de innovacións: no Pindo (A Coruña) emprégase *hai* para a P3 Sing nas perífrases con *haber* (*Fulano hai de vir hoxe*), que non se debe, evidentemente, a castelanismo.

#### 4. Conclusións

Neste traballo pretendín comentar un dos tópicos de entre os moitos que hoxe circulan arredor da lingua galega, nomeadamente, que a fragmentación diatópica do galego se debería á carencia dun estándar na Idade Moderna e Contemporánea; e que a pose do estándar impediría, ou polo menos dificultaría, a variación e o cambio lingüístico. Pretendín demostrar que estas crenzas non só non asentan sobre bases empíricas, senón que a análise de datos provenientes doutras linguas móvenme a crer que constitúen hipóteses demasiado fortes: unha ollada ás linguas históricas con estándar consolidado móstranos que, aínda hoxe, conteñen no seu interior variación xeolingüística e sociolingüística; e que coñeceron cambios profundos cando levaban xa tempo no proceso de estandarización, sen que o cultivo nin a pose dunha escrita puidesen evitar as mudanzas; de feito, as propias variedades estándar destas linguas históricas mudaron. En consecuencia, a ausencia de estándar e de cultivo literario non determinan, nin impelen nin promoven a variación nin o cambio; e a presenza de estándar e cultivo literario non eliminan nin a variación nin o cambio (máis ben, a difusión do estándar prodúcese a través de fenómenos de variación e cambio). Variación e cambio son procesos naturais das linguas.

Creo que isto me autoriza a pensar que se o galego tivese cultivo durante a Idade Moderna e todo ó longo da Idade Contemporánea, hoxe seguiría mantendo no seu seo formas de variación social e xeográfica. Discutir sobre a cantidade ou a calidade desta variación ucrónica (o que puido ser e non foi) pode ter algún proveito ideolóxico para quen llo queira ou saiba tirar (no fondo, trátase dun modo máis de xustificar por qué non gusta a lingua galega actual, tal e como a falan hoxe os máis dos galegos), pero, polo menos para min, as conclusións obtidas nesta reconstrución ucrónica carecen de interese e de valor científico.

#### 5. Referencias bibliográficas

- AGAL (1989): *Estudo Crítico das Normas Ortográficas e Morfolóxicas do idioma galego (Instituto da Lingua Galega - Real Academia Galega 1982)*. Ourense: AGAL.
- Barros Ferreira, M. et alii (1996): “Variação linguística: perspectiva dialectolóxica”, en I. Hub Faria et alii: *Introdução à linguística geral e portuguesa*. Lisboa: Caminho, pp. 479-502.
- Carballo Calero, R. (1979<sup>7</sup>): *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia.
- Cintra, L. F. L. (1962): “Áreas lexicais no território português”, *Boletim de Filologia* XX, 1/2, 273-307.
- Coseriu, E.: *Sincronía, diacronía e historia*. Madrid: Gredos, 1988<sup>3</sup>.
- Coseriu, E. (1981) “Los conceptos de «dialecto», «nivel» y «estilo de lengua» y el sentido propio de la dialectología”, *Lingüística española actual* III/1, 1-32.
- Dubert García, F. (1995): “Algúns aspectos da morfoloxía verbal e da estrutura da sílaba en galego: as vocais temáticas postónicas da C-II e da C-III en hiato”, *Verba* 22, 125-155 [edición dixital en: <http://web.usc.es/~fgdubert/>].



- Dubert García, F. (1999): *Aspectos do galego de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Dubert García, F. (2000): “¿Norma galega, sistema galego-portugués,? Aplicación dos termos de Coseriu ó «galego» e ó «portugués»”, *Cadernos de lingua* 22, 101-122 [edición dixital en: <http://web.usc.es/~fgdubert/>].
- Dubert García, F. (2002): “Os sociolectos galegos”, *Cadernos de Lingua* 24, 5-27 [edición dixital en: <http://web.usc.es/~fgdubert/>].
- Fernández Rei, F. (1990): *Dialectoloxía galega*. Vigo: Xerais.
- Fernández Salgado, B. e H. Monteagudo (1995): “Do galego literario ó galego común. O proceso de estandarización na época contemporánea”, en H. Monteagudo (ed.): *Estudios de sociolingüística galega*. Vigo: Galaxia, 99-176.
- Fernández, M. A. (2000): “Cuando los hablantes se niegan a elegir: multilingüismo e identidade múltiple en la modernidad reflexiva”, *Estudios de Sociolingüística* 1, 1, 47-58.
- Freixeiro Mato, X. R. (1998): *Gramática da lingua galega. I: Fonética e fonoloxía*. Vigo: A Nosa Terra.
- González Seoane, E. X. (1994): “Concepcións do galego estándar nos gramáticos galegos do século XIX”, en R. Lorenzo (ed.): *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas (Santiago, 1989)*. Vol. 6. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 75-88.
- Graña Núñez, X. (1993): *Vacilacións, interferencias e outros “pecados” da lingua galega*. Vigo: Ir Indo.
- Guitart, J. (2000): “Del dominio relativo de la variación estilística de los sonidos róticos del español de Puerto Rico a la luz de la teoría de las subfonologías”, *Revista de estudios hispánicos*, 169-182.
- Harris, M. (1988<sup>6</sup>): *Culture, people, nature. An introduction to general anthropology*. New York: Harper & Row. Cito pola tradución española *Introducción a la antropología general*. Madrid: Alianza, 2000.
- Hermida Gulías, C. (1999): “Un modelo de lingua para os medios de comunicación de masas”, en R. Álvarez e D. Vilavedra (eds.): *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe a Xesús Alonso Montero*. Vol. 1. Santiago de Compostela: Universidade, 501-518.
- Labov, W. (1972): *Sociolinguistic patterns*. Philadelphia: University of Pennsylvania Press. Cito pola tradución española *Modelos sociolingüísticos*. Madrid: Cátedra, 1983.
- Labov, W. (1994): *Principles of linguistic change. Internal factors*. Oxford: Blackwell.
- Lausberg, H. (1962): *Romanische Sprachwissenschaft*. Walter De Gruyter: Berlin. Cito pola tradución portuguesa *Linguística românica*. Lisboa: Fundação C. Gulbenkian, 1981<sup>2</sup>.
- Lloyd, P. M. (1987): *From Latin to Spanish. Vol. 1: Historical phonology and morphology of the Spanish language*. Philadelphia: American Philosophical Society. Cito pola tradución española *Del latín al español*, Madrid: Gredos, 1993.
- Lorenzo, R. (1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla (s. XIV). Vol. II: Glosario*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”.
- Mariño Paz, R. (1992): “O sufixo número-persoal da P5 en galego: o retroceso moderno da solución cantás”, *Cadernos de lingua* 5, 75-97.
- Mariño Paz, R. (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Marle, J. van (1997): “Dialect versus standard language: nature versus culture”, en J. Cheshire e D. Stein (ed.): *Taming the vernacular. From dialect to written standard language*. London and New York: Longman, 13-34.
- Martinet, A. (1991): *Éléments de linguistique générale*. Paris: Armand Colin.
- Monteagudo, H. (1997): “Modelos de lingua. Consideracións teóricas ó fío do debate sobre a estandarización do galego”, *Cadernos de Lingua* 16, 5-33.

- Monteagudo, H. (1998): *Historia social da lingua*. Vigo: Galaxia.
- Muljačić, Ž. (1991): “Per un approccio relativistico al rapporto: lingua nazionale – dialetti”, en Giovan Battista Pellegrini (ed.): *XVIII Congresso di studi dialettali italiani “Fra dialetto e lingua nazionale: realtà e prospettive”*. Padova: Unipress, 247-259.
- Recalde, M. (2000): “Le parcours socioculturel du galicien du Moyen Âge au XXe siècle”, *Lengas* 47, 11-39.
- Regueira, X. L. (1999): “Estándar oral e variación social da lingua galega”, en R. Álvarez e D. Vilavedra (eds.): *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe a Xesús Alonso Montero*. Vol. 1. Santiago de Compostela: Universidade, 855-875.
- Saussure, F. de (1916): *Cours de linguistique générale*. París: Payot. Cito pola tradución española *Curso de lingüística general*. Madrid: Alianza, 1983.
- Stern, O. (1988): “Divergence and convergence of dialect and standard from the perspective of the language learner”, en P. Auer e A. di Luzio (eds.): *Variation and convergence*. Berlin: Walter de Gruyter, 134-156.
- Tagliavini, C. (1969): *Le origini delle lingue neolatine: introduzione alla filologia romana*. Bologna: Riccardo Patron. Cito pola tradución española *Orígenes de las lenguas neolatinas*. Madrid: Fondo de Cultura Económica, 1993.
- Tato Fontaiña, L. (1997): “As variedades dialectais e o estándar”, en J. Leira López (dir.): *O camiño inglés e as rutas atlánticas de peregrinación a Compostela*. A Coruña: Universidade, 237-249.
- Thomason, S. G. (2000): “On the unpredictability of contact effects”, *Estudios de Sociolingüística* 1, 1, 173-182.
- Valle, José del (2000): “Monoglossic policies for a heteroglossic culture: misinterpreted multilingualism in modern Galicia”, *Language & Communication* Vol. 20, n. 2, 105-132.
- Vázquez Cuesta, P. (1986): *La lengua y la cultura portuguesa en el siglo del Quijote*. Madrid: Espasa. Cito pola tradución portuguesa *A lingua e a cultura portuguesa no tempo dos Filipes*. Lisboa: Publicações Europa-América, 1988.
- Vidal Figueiroa, T. (1997): “Estructuras fonéticas de tres dialectos de Vigo”, *Verba* 24, 313-332.